

De orde do Excmo. Sr. Reitor, logo do acordo da Mesa do Claustro, teño a honra de convocar a V.S. á sesión do Claustro, que terá lugar o día 13 de abril de 2007, no Paraninfo da Reitoría, A Maestranza, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda convocatoria, da acordo coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se proceder, do Regulamento de Réximen Interno do Claustro
3. Memoria de xestión 2006.
4. Plano Estratéxico.
5. Quenda aberta de intervencións.

En relación co punto 1 da orde do día, a copia da acta da sesión anterior do Claustro estará depositada na Secretaría dos Centros a disposición dos seus membros.

En relación co punto 2 da orde do día, os membros do Claustro disporán até as 14:00 horas do vindeiro día mércores 11 para a presentación, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, de suxestións ao devandito regulamento avaladas por quince claustrais.

En relación co punto 3 da orde do día, os membros do Claustro poderán consultar a Memoria de Xestión 2006, a partir do día 3 de abril, no seguinte enderezo:

<http://www.udc.es/reitoria/ga/reitor/documentos.asp>

En relación co punto 4 da orde do día, os membros do Claustro poderán consultar a documentación sobre Plano Estratéxico no seguinte enderezo:

<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/documentacion.asp>

Lémbrese aos membros do Claustro que poderán estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión do Claustro.

A Coruña, 29 de marzo de 2007

O SECRETARIO XERAL

Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES/AS MEMBROS DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO